

hai 5 días | [Cultura](#)

Actos en todo o país homenaxean a Rosalía no 180 aniversario do seu nacemento

Redacción | [@prazapublica](#)

En 1917 inaugurouse na Alameda de Compostela o monumento en homenaxe a Rosalía de Castro, construído grazas ás achegas realizadas por numerosas persoas e entidade. **Ao pé desta estatua a Deputación da Coruña celebrou este mércores a súa homenaxe institucional á poeta, acto central dos moitos recoñecementos que nestes días se organizan en toda Galicia conmemorando o 180 aniversario do seu nacemento.**

No acto interviron o presidente e a vicepresidenta da Deputación da Coruña (Valentín González Formoso e Goretti Sanmartín Rei), o alcalde de Santiago, (Martiño Noriega), o presidente da Fundación Rosalía (Anxo Angueira), o presidente da AELG (Cesáreo Sánchez) e o investigador Miguel Anxo Seixas, autor do libro publicado pola Deputación arredor da historia do monumento. **Nenas e nenos lendo fragmentos da súa obra e o grupo Habelas Hainas poñéndolles música pecharon a cerimonia,** na que Valentín González Formoso salientou non só "a faceta como poeta" de Rosalía senón tamén "como persoa valente que alberga o mellor dos galegos".

"O entusiasmo por Rosalía tamén vive hoxe un momento de esplendor. O aeroporto Rosalía de Castro é o máximo expoñente do que xa foron nomes de rúas, de centros de ensino, de bibliotecas e de tantas mulleres, de tantas nenas", salientou Goretti Sanmartín. "Desde a Deputación da Coruña quixemos facer xustiza histórica, reparar o feito de as deputacións non teren contribuído daquela economicamente a pagar a estatua, e vir aquí co mellor que temos, música e poesía", sinalou a vicepresidenta e responsable da área de Cultura.

"Entre todos e todas conseguíuse que o aeroporto de Santiago leve o nome daquela tola que soñou un mundo diferente e reivindicou ese país que segue a ser unha causa pendente", subliñou Martiño Noriega. Anxo Angueira lembrou que hai cen anos se xerou "arredor de Rosalía unha enorme unidade social e esa unidade está tamén hoxe". **"Esa é ela. Unha xigante que non precisa respiración asistida, nin prantos, nin ritos florais. Os pulmóns da súa obra aférranse ao futuro e ínflanse coa forza dun país que respira cultura por cada fenda", dixo Cesáreo Sánchez.**

Actos da AELG

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) organiza un programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía, o 24 de febreiro, data do seu nacemento. A AELG busca institucionalizar ese Día de Rosalía de Castro como unha xornada de celebración da nosa literatura, animando á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor nese día.

- **Friol:** Ás 18.30, no Centro Socio Cultural de Friol. Coa colaboración do Concello de Friol, a A. C. Xesta verde e a Asociación de Recreación Histórica Castronela.
- **Vigo:** Ás 18.45, na Imprenta de Juan Compañel (Rúa Real,12) e Centro Cívico (Rúa Oliva,12), de Vigo. Ofrenda floral na imprenta Juan Compañel, percorrido até o Centro Cívico e lectura pública da obra de Rosalía de Castro. Coa colaboración do Concello de Vigo e da A. C. O Castro.
- **A Coruña:** Ás 19.00, na Biblioteca Municipal Ágora (Lugar da Gramela, 17) da Coruña. Coa colaboración do Concello da Coruña e a Biblioteca.
- **Ferrol:** Ás 20.00, no Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202-204). Coa colaboración do Ateneo Ferrolán.
- **Vilalba:** Ás 20.00, na Casa da Cultura de Vilalba. Coa colaboración do Concello de Vilalba e Culturalia GZ.

Actos na RAG e na rede de museos de Lugo

A [Deputación de Lugo conmemora](#) este 24 de febreiro os 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro **agasallando os visitantes dos museos da Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Pazo de Tor, Museo Fortaleza San Paio de Narla, e Museo Provincial do Mar) e da Capela de Santa María cunha lámina, un poema e unha rosa.** A Deputada de Cultura, Artesanía e Deseño, Pilar García Porto, subliñou que “Rosalía de Castro foi un exemplo de liberdade para todas as mulleres e un referente de compromiso coa identidade, a cultura, e a lingua galega. Dende o Goberno da Deputación queremos homenaxear a unha das artistas máis importantes da nosa historia que foi, é e será, un símbolo para o pobo galego”. En total entregáranse 250 láminas co poema *Adiós ríos, adiós fontes*. A ilustración de Rosalía de Castro é de Noemí López Vázquez e pertence a colección da exposición do Centro de Artesanía e Deseño *Imaxinando Cantares Gallegos*.

Este mércores 22, a Real Academia Galega celebrou un acto musical e literario en homenaxe a Rosalía. Trala presentación do acto a cargo da nova académica de número Marilar Aleixandre, Roi Casal interpretou “Ninfa das frescas augas”, a súa lectura musical do poema XXVI de *Cantares gallegos*. Os académicos Marilar Aleixandre, Salvador García-Bodaño e Luz Pozo achegaron tamén creacións propias en homenaxe a Rosalía. Pola súa banda, Ánxeles Penas deulles voz aos poemas rosalianos “Adiós ríos, adiós fontes” e

“Ladraban contra min que camiñaba”, e mais a outro propio titulado “Do mar pola orela mireina pasa”, que toma o seu nome dun dos versos da poesía que lle dedicou Curros Enríquez á escritora tralo seu pasamento. Pola súa banda, Rosalía Fernández Rial leu “Daquelas que cantan”, “Tal coma as nubes” e un fragmento de “Ti a feiticeira”.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

hai 5 días | [Cultura](#) |

"Rosalía practicaba a sororidade, sabía que as mulleres ou facían rede ou non tiñan nada que facer"

PRAZA DA CULTURA ▼ Venres 3, Febreiro 2017 | [Cultura](#)

Cen anos do monumento a Rosalía, "o primeiro crowdfunding" da cultura galega

Mércores 1, Febreiro 2017 | [Cultura](#) |

Norwegian: "Rosalía era ideal, recuperou o galego como lingua de cultura e foi pioneira no feminismo"

Xoves 20, Outubro 2016 | [Cultura](#)

"Queremos achegar outra perspectiva sobre estas mulleres, empregando lentes lila"

Domingo 3, Maio 2015 | [Ciencia e tecnoloxía](#) |

Hai unha galega en Venus

Xoves 5, Febreiro 2015 | [Cultura](#)

Rosalía ten frío

Mércores 28, Xaneiro 2015 | [Movementos sociais](#) |

"As persoas incómodas, como Concepción Arenal, acaban sendo notas ao pé nos libros de Historia"

Martes 25, Febreiro 2014 | [Cultura](#) |

"Os artistas achegáronse a Rosalía dunha maneira pouco atrevida, cunha imaxe estereotipada"

Venres 24, Xaneiro 2014 | [Cultura](#)

"Se a enfermidade de Rosalía fose máis lenta, hoxe teríamos un libro máis dela"

Domingo 31, Marzo 2013 | [Cultura](#) |

Por que Rosalía dixo que non volvería escribir en galego?